

Conflito de intereses

Cando un investigador teña algunha opinión ou interese financeiro/persoal que puidera afectar a súa obxectividade, ou influír de maneira desaxeitada nos seus actos, existe un conflito de intereses. Enténdese que a existencia dun conflito de intereses non implica de ningunha forma que se estea actuando de forma pouco ética, senón que serve para poñer de manifesto situacións que poderían influír na obxectividade e/o xuízo científico do autor.

O autor dunha tese de doutoramento debe informar sobre calquera conflito de interese real, potencial ou aparente, relacionado coa súa elaboración. **Algunhas fontes de conflito de interese son:**

- Ter obtido ou poder obter beneficios financeiros da investigación descrita na tese de doutoramento. Isto inclúe, ser titular dunha patente ou tela solicitada, ou posuír accións dunha empresa con intereses no resultado da investigación.
- Estar financiado, ou ter estado durante o transcurso da tese de doutoramento por un axente que pode obter beneficio financeiro dos seus resultados. Isto inclúe que a investigación fóra financiada total ou parcialmente por unha empresa con intereses no resultado da investigación, ou ter estado empregado ou ter recibido bolsas ou honorarios (p.ex., por asesoramento ou testemuña experta pagada) por unha empresa con interese no resultado da investigación.
- Relacións persoais, como pode ser ter un familiar directo traballando nunha empresa con intereses na investigación.

A declaración de conflito de interese farase incluíndo unha frase na tese de doutoramento na que se relacionen os posibles conflitos de intereses ou a súa inexistencia. **Esta irá situada a continuación da portada da tese de doutoramento.**

Posibles exemplos de declaración de conflito de interese:

- doutorando declara non ter ningún conflito de interese en relación coa tese de doutoramento.
- Declaro que son titular da seguinte patente, desenvolvida no contexto desta tese de doutoramento: Autores, título, referencia e data da patente.
- Este traballo foi financiado parcialmente pola empresa xxxx, propietaria e comercializadora do fármaco yyy.
- Durante o transcurso desta tese, recibín pagamento da empresa xxx en concepto de asesoramento.
- Recibín pagamento do organismo/empresa/fundación, etc. XXXX en concepto de asesoramento/catalogación de fondos/preparación de materiais XXXXX etc.

O Director da EDIUS
Pablo Taboada Antelo

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/02/2025 14:31:15.

CSV: 636D-A03C-4BF3-8646